



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.concellodexermade.com

**PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN EDUCANDO
EN FAMILIA**

INTRODUCCIÓN

Reunidos,

Dunha parte D. Roberto García Pernas, Alcalde- Presidente do Concello de Xermade (Lugo).

E doutra D. Cándido Iravedra Fernandez, con DNI 33840540L Presidente de Asociación Educando en Familia con número de NIF G27437581, con domicilio ós efectos de notificacións en Avda. da Mariña número 3 –Planta 1, Puerta B C.P: 27780, Foz-Lugo enderezo electrónico: dito@aselcosta.com e número de teléfono 982140451

Ámbolos dous recoñécense con capacidade suficiente para convir e suscribi-lo presente convenio.:

CONSIDERAN

- I- Que as Administracións poden celebrar convenios de colaboración ó amparo do disposto no artigo 47 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico Do Sector Público.
- II- Que en virtude do establecido no orzamento 2017 do Concello fíxase a aportación a dita asociación dunha subvención de carácter nominativo, para o desenvolvemento de actividades que desenrola a Asociación Educando en Familia, por importe de 3.000,00 € .O gasto derivado das subvencións outorgadas por actuacións recollidas neste apartado imputarase á partida 321.489 do Orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2017.
- III- Que de acordo co establecido na Lei Xeral de Subvencións, na Lei de Subvencións de Galicia e na Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Xermade é preciso a realización do oportuno convenio entre a entidade beneficiaria e o Concello de Xermade no que se regulen o réxime xurídico aplicable, sen prexuízo do establecido nas devanditas Leis.
- IV- Que da reunión celebrada entre ambas partes acordouse que para esta anualidade a cantidade a aportar como subvención nominativa polo Concello de Xermade para o pagamento de gastos do Programa Educando en Familia organizado pola asociación, poderáse facer en dous pagos semestrais de 1.500,00 € cada un.



CONCELLO DE XERMADE
Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.concellodexermade.com

E por todo o anterior suscriben o presente Convenio coas seguintes:

CLÁUSULAS

1ª OBXECTO DO CONVENIO.

É obxecto do presente convenio a colaboración do Concello de Xermade e a Asociación Educando en Familia co fin de levar a cabo o Programa Educando en Familia.

2ª ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

O Concello de Xermade comprométese a facilitar Asociación a cantidade de 3.000,00 €, que se satisfarán por pagos semestrais de 1.500,00 € cada un, en concepto da organización e actuación nas actividades sinaladas na cláusula I deste convenio. O último pago da aportación farase debendo inexcusablemente xustificarse nos termos que se concrete, debendo a entidade beneficiaria reintegrar o primeiro pago semestral no caso de non xustificar debidamente a mesma ó final do exercicio, constando no momento da firma do presente convenio, os documentos seguintes:

1. C.I.F da Asociación ou entidade.
2. Orzamento de ingresos e gastos estimados para o exercicio 2017, referidos a actividade subvencionada.
3. Declaración responsable asinada polo Secretario da Asociación, na cal se determina que se cumpren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de beneficiario, que dita Asociación non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas, concretando expresamente que dita Asociación se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Respecto a circunstancia de estar ao corrente coa Facenda local este será emitido de oficio pola Corporación.
4. Certificado do secretario da entidade beneficiaria no que se reflicten as subvencións solicitadas e recibidas por parte doutros organismos, tanto públicos como privados, indicando a contía e o concepto polo que foi concedida.
5. Certificación bancaria do número de conta a nome da asociación por entidade beneficiada, no que se deba facer o ingreso da axuda correspondente.
6. Acta da asemblea da asociación no caso de que se acordara algún cambio na directiva.

3ª GASTOS SUBVENCIONABLES.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan a natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido (ano 2017).

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) os xuros deudores das contas bancarias
- b) xuros, recargos e sancións administrativas e penais



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.concellodexermade.com

- c) os gastos de procedementos xudiciais
- d) os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) impostos persoais sobre a renda

4ª XUSTIFICACIÓN E DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS GASTOS

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición de conta xustificativa simplificada, nos termos do artigo 75 do RD 887/2006, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario. Á dita conta xustificativa acompañarase a seguinte documentación:

- a) Declaración das actividades realizadas e do custo das mesmas, con indicación da porcentaxe que foi cuberta con subvención.
- b) Facturas ou documentos con valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa (orixinais ou copias compulsadas). As facturas que se presenten como xustificación da subvención concedida deberán cumprir os requisitos do RD 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación, ademais de estar datadas no período subvencionable e conter o selo de pagado ou presentar xustificación documental que acredite o pago. En ningún caso se lles recoñecerá valor probatorio aos simples "recibís".
- c) Declaración de que se realizaron os fins para os que foi concedida a subvención e que as facturas e/ou documentos que se presentan como xustificación foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- d) Se a actividade tamén fora subvencionada por outra entidade pública ou privada, deberá presentarse copia da resolución comunicando a concesión da axuda, sen que, en ningún caso, o importe conxunto de tódalas axudas poida ser superior ao gasto realizado.
- e) Declaración responsable asinada polo Presidente da Asociación, na cal se determina que, no momento da xustificación, se cumpren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de beneficiario, que dita Asociación non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas
- f) Documentación acreditativa de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

A entidade beneficiaria obrigase a realiza-las xestións oportunas para levar a bo termino ditas actividades, comprometéndose a destinar-lo importe da cantidade recibida do Concello de Xermade ó desenvolvemento das mesmas.

En ningún caso, o persoal para o desenvolvemento das actividades indicadas polos membros da entidade beneficiaria terán vinculación ou relación laboral ou fiscal co Concello de Xermade.

5ª OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

A entidade beneficiaria queda obrigada a cumprir como mínimo as seguintes obrigacións:



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.concellodexermade.com

1º.- Cumprir os obxectivos de correcta execución das actividades subvencionadas.

2º.- Xustificar a execución das actividades e a realización dos gastos e os correspondentes pagos conforme a este convenio e á normativa aplicable, como máximo **ata o 19 de decembro de 2017**.

3º.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que se establecen na Lei Xeral de Subvencións.

4º.- Comunicar a obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividades subvencionadas.

5º.- Estar ó corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

A Tesourería Municipal, comprobará, de oficio, que a entidade beneficiaria está o corrente coa Facenda Municipal.

6ª VIXENCIA DESTE CONVENIO

O presente Convenio de colaboración terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención, a aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria, e o pago da subvención por parte do concello.

7ª CONTROL

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asinantes, nomeados polo Alcalde do Concello de Xermade e polo representante da entidade beneficiaria.

Non obstante, a entidade beneficiaria estará obrigada a facilitar toda a información, no suposto de que lle sexa requirida pola Intervención Municipal no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións do presente convenio ou requirimentos de xustificación que poda face-la Intervención ou o órgano municipal competente.

8ª RESOLUCIÓN

I.- Son causas de resolución do presente convenio:

- A denuncia de calquera das partes
- O incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asinantes.

II.- Dada a natureza xurídico-pública do presente convenio, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do mesmo, serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.

III.- As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.concellodexermade.com

En Xermade, 24 de maio de 2017.



POLO CONCELLO
O ALCALDE,

Asdo.- Roberto García Pernas.

POLA ASOCIACIÓN EDUCANDO EN FAMILIA
O PRESIDENTE,

Asdo.- Cándido Iravedra Fernández

